



No Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as dez horas do día **DEZ DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZAOTO**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Julio Gallego Moure, comparecen os Sres. concelleiros D. José Antonio García Jurjo, Dona Marisol Orille Díaz, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López e Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez (ausentes previa excusa os Sres. concelleiros D. José Antonio Real Vázquez, D. José Aurelio López López e D. Manuel López Armesto), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión **“extraordinaria e urxente”** do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Ao abeiro do sinalado polo art. 79 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde diríxese aos Sres. concelleiros para indicar que procede que o Pleno Corporativo se pronuncie sobre a urxencia, e sinala que a mesma, tal e como figura no Decreto nº 2018-0002 ditado en data 9 de xaneiro para a convocatoria da sesión, deriva do feito de que o Pleno adopte os acordos que procedan en relación coa integración deste Concello no futuro Consorcio de Turismo Ancares-Courel antes do 10 de xaneiro de 2018, data límite sinalada pola Secretaría da delegación territorial da Xunta en Lugo. Non se puido efectuar antes a convocatoria ao requirir informe preceptivo previo da Secretaría municipal e estar ésta de vacacións, incorporándose o pasado luns 8 de xaneiro de 2018. Á hora fixada para este Pleno queda xustificada no feito de que quede tempo suficiente para a redacción dos acordos adoptados, e no seu caso, remisión dos mesmos aos Organismos correspondentes.

Se procede á votación, e por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (seis votos a favor), sendo nove o número legal de membros, o Pleno Corporativo aprecia a urxencia da convocatoria.

2º.- ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN COA INTEGRACIÓN DESTE CONCELLO NO FUTURO CONSORCIO DE TURISMO ANCARES-COUREL.

Visto que con data 9 de xaneiro de 2018 mediante Providencia de Alcaldía solicitouse informe da Secretaría-Intervención municipal en relación con este asunto, preceptivo segundo o art. 3.b do RD 1174/1987, do 18 setembro, de réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, por requirir a súa aprobación o quórum especial da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal (art. 150.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia).

Visto o informe da Secretaría-Intervención municipal emitido **en sentido desfavorable** á citada integración, e o cal a continuación se transcribe:

“Informe de Secretaría-Intervención

Expediente nº: 8/2018

Asunto: Integración do Concello de Samos no futuro Consorcio de Turismo Ancares-Courel.



INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

De conformidade co establecido no artigos 4 e 3 do RD 1174/1987, do 18 setembro, de réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emítese o presente informe preceptivo sobre o asunto referenciado por requirer a súa aprobación o quórum especial da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal (art. 150.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia).

1.- ANTECEDENTES DE FEITO E ADMINISTRATIVOS:

- O expediente remitido consta dos seguintes documentos:

- Borrador de Estatutos do futuro Consorcio de Turismo Ancares-Courel, datados de Xullo de 2017 (descoñécese a súa autoría) , os cales foron remitidos por correo electrónico dende a Secretaría da delegación territorial da Xunta en Lugo xunto con modelo de Proposta de Alcaldía de acordo ao Pleno Corporativo, fixando para elo como data límite o 10/01/2018.*
- Providencia de Alcaldía de data 09/01/2018, na que se solicita a emisión do presente informe preceptivo, aos efectos de presentalo ante o Pleno para a adopción dos acordos que procedan.*

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE:

A lexislación ao respecto está contida basicamente:

- Arts. 57 e 87 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

- Arts. 149, 152 e 196 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

- Art. 110 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/86 do 18 de abril. (derogados pola disposición derogatoria única da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público).

- Arts. 37 ao 40 do Regulamento de servizos das Corporacións Locais (derogados pola disposición derogatoria única da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público). Na devandita lei, nos art. 118 a 127 regúlanse os consorcios, artigos que teñen carácter básico agás, segundo a disposición final décimo cuarta, o artigo 123.2 que se aplicará exclusivamente á administración xeral do Estado e ao sector público estatal.

- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, cuxa disposición final segunda, modifica a lei 30/92 de 26 de novembro incluíndo unha nova disposición adicional vixésima, referida ao réxime xurídico dos consorcios. Esta lei, derogada pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incorpora agora este réxime xurídico no seu artigo 122.4.

-A disposición adicional segunda da Lei galega 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, relativa á cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e a Administración da Comunidade Autónoma.



-Os arts 12 e seguintes da Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa relativos as causas e procedemento para o exercicio do dereito de separación dun consorcio.

- Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia.

3.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Á vista do disposto na dita lexislación, analízase a posible integración deste Concello no futuro Consorcio Ancares-Courel a efectos de presentalo ante o Pleno do Concello, de inicio dos trámites para a integración do Concello de Samos no futuro Consorcio de Turismo Ancares-Courel, e á que se acompaña un borrador de estatutos, resultando que:

***Primeiro.** O ámbito competencial municipal resultou sensiblemente modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que no art. 7 determina que as competencias das Entidades Locais son propias ou atribuídas por delegación, e que só se poderán exercer competencias distintas destas dúas cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo por outra Administración Pública.*

A finalidade clara e confesa da reforma de réxime local é a estabilidade orzamentaria e a sostenibilidade financeira, resultando este un elemento fundamental á hora de interpretar os preceptos en materia competencial. Por encima do confuso tema das “duplicidades”, unha entidade local poderá facer ou non facer, segundo cumpra ou non os requisitos de estabilidade. Asunto determinante que debe sempre referirse ao conxunto da “Facenda municipal” e non a tal ou cal programa, servizo ou actividade. Así o deixou claro o ditame do Consello de Estado, ao afirmar que o contrario atentaría á autonomía local, porque “un municipio pode ter problemas nun servizo concreto, e iso é cuestión súa, sempre que o conxunto da facenda municipal cumpra coa Lei 2/2012”.

Así pois a partir da Lei 27/2013, do 27 de decembro, as competencias locais se clasifican en tres compartimentos tipolóxicos:

- 1. As competencias propias (art. 25)*
- 2. As competencias atribuídas por delegación.*
- 3. As “ distintas das propias e das atribuídas por delegación”.*

Así o primeiro que debe facerse é encadrar o servizo, actividade ou programa en cuestión, nalgún dos tres tipos de competencias, de conformidade co establecido nos artigos 7, 25, 26 e 27 da lei 7/1985 á luz da nova redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

*O art. 25.2 h) da Lei 7/1985, di: “o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: ... h) Información e **promoción da actividade turística de interese e ámbito local**”.*

Parece pois, que nun principio, e atendendo aos principios anteriormente mencionados se restrinxen a competencia municipal propia en materia turística a unha promoción de ámbito local, algo que nun principio chocaría de fronte con un dos obxectos e finalidades do Consorcio á que pretende adherirse o Concello, cal sería segundo o seu artigo 5º.1.a) do borrador de estatutos: “Planificar, xestionar, e promover o desenvolvemento turístico da zona, como elemento vertebrador do espazo turístico que constitúe o ámbito do Consorcio”, entendendo como ámbito do Consorcio “Os municipios de Ribeira de Piquín, A Fonsagrada, Baleira, Negueira de Muñiz, Baralla, Becerreá, Navia de Suarna, Triacastela, Cervantes, As Nogais, Samos, Pedrafita do Cebreiro, O Incio e Folgoso do Courel, constitúen un consorcio na área delimitada do xeodestino dos Ancares-Courel, sen prexuízo de que no futuro se poidan



incorporar outras Administracións Públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro de acordo coas previsións estatutarias, de conformidade co establecido na Lei 40/ 2015 do sector público e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia” (art. 1º.1 do borrador dos Estatutos).

En todo caso non é suficiente con que a competencia/materia figure no listado do art.25 senón que será precisa unha lei estatal ou autonómica, dependendo do reparto constitucional de competencias, a que determine o alcance da competencia municipal.

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia, atribúe ao municipios unha serie de competencias no artigo 5, entre elas: “La protección y promoción de los recursos turísticos de su término municipal” e “La potenciación y promoción de la denominación de geodestino, según la definición contemplada en el artículo 23.1, del que formen parte, siempre bajo la marca turística Galicia”. O art. 23 establece: “A los efectos de la presente ley, se entiende por geodestinos turísticos las áreas o espacios geográficos limítrofes que comparten una homogeneidad territorial basada en sus recursos turísticos naturales, patrimoniales y culturales, con capacidad para generar flujos turísticos y que, junto a su población, conforman una identidad turística diferenciada y singular”.

O Concello de Samos atópase encadrado na área delimitada do Xeodestino Ancares-Courel, polo cal podería entenderse que a finalidade do futuro Consorcio que se pretende, que vai máis alá da información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, está dentro das competencias municipais propias de conformidade coa normativa sectorial autonómica (Lei 7/2011).

Non obstante, esta secretaría pon de manifesto, que esta norma é anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 polo que entendo que non cumpre co mandato dado polo lexislador básico ao desenvolvemento nos apartados 3, 4 e 5 do art. 25 da lei 7/1985, ao que debe engadirse que a nova Lei 27/2013 non establece un réxime transitorio como fixo a Lei 7/1985 (orixinaria), na disposición transitoria 2º.

Dito o anterior debe terse en conta a normativa autonómica, isto é a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 que di na súa parte expositiva que non poden impoñerse ás normas aprobadas con anterioridade á entrada en vigor da lei básica requisitos previstos no art. 25 que son só ás aprobadas no novo sistema vixente tras a reforma. E a disposición adicional primeira desta mesma norma establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior a entrada en vigor da Lei 27/2013, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o cao, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Polo tanto, á luz do exposto, o Concello pretendería a participación nun Consorcio para realizar unha actividade que entraría dentro das súas competencias propias, de conformidade coa lexislación autónomica.

Segundo.- Agora ben, dúas disposicións limitan drásticamente a creacion de consorcios, a Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A. Polo que se refire á primeira, as medidas adoptadas pola LRSAL son especialmente gravosas para os consorcios polas importantes limitacións que establece para a constitución e mantemento dos mesmos, supoñendo un claro límite ao proceso de expansión dos mesmas ao que nos tiñan habituadas as entidades locais nos derradeiros anos.



A Lei de racionalización e sostenibilidade da Administración local ten entre os seus obxectivos, a racionalización da estrutura organizativa da Administración local reducindo a súa dimensión e a disolución de todas aquelas entidades instrumentais que sexan deficitarias ou que non teñan equilibrio orzamentario nas súas contas. E o fai precisamente mediante a potenciación das competencias das Deputacións provinciais ás que atribúe, a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e no seu caso supracomarcal, e o fomento, ou no seu caso a coordinación, de la prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial (artigo 36.1 c) LRBL).

En canto á redución da dimensión do sector público local, a lei de reforma, a Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local dispón varias medidas:

*1.- Introduce criterios como o do **custe efectivo dos servizos**, que se presten pola entidade local directamente ou polos seus entes instrumentais. (Non se dispón do **correspondente estudo económico financeiro** no que se expoña cal vai a ser o custe da posta en marcha deste consorcio ou dito doutro xeito que analice o consumo valorado de prestacións e de bens aplicados á consecución dos obxectivos e funcións asignados ao consorcio durante un tempo determinado, o que obriga á avaliación dos custes de persoal, de bens e servizos, transferencia correntes/reais e inversións reais poñéndoos en relación cos ingresos que se ten previsto xerar para o seu financiamento e por último a relación en termos de eficiencia entre estes e os que se espera obter da súa xestión).*

2.- Non permite ás entidades locais suxeitas a un plan económico-financieiro ou a un plan de axuste para sanear as súas contas, a participación ou constitución de entidades instrumentais. (A proposta da Alcaldía vai acompañada dunha relación de concellos algún dos cales pola vixencia dun plan de axuste non poderán formar parte do consorcio que hipotéticamente se constitúa polo que tampouco son axeitadas nin tan siquiera se poden considerar aproximadas, ás cantidades sinaladas a aportar por cada un dos concellos participantes).

*3.- En canto ás entidades instrumentais deficitarias ou, máis correctamente, que non presenten equilibrio presupuestario, a Lei exige o seu **saneamento** e si este non se produce, impón a disolución das mesmas en concreto na disposición adicional novena da LBRL titulada precisamente redimensionamento do sector público local, e que volve a colocar o réxime orzamentario do consorcio que pretenda constituirse en primeiro plano, un réxime orzamentario totalmente descoñecido polo pleno á hora de adoptar o acordo proposto o cal non facilita a toma de decisións eficientes pola súa parte nin permite aos cidadáns acceder á información da que deben dispor.*

*4.- Ademáis, a adscripción do consorcio a unha administración pública vai conlevar unha diminución **incidindo no seu equilibrio orzamentario**, no recurso a esta institución, **porque o seu déficit computará nas contas da administración de adscripción** a pesar de que sexan membros do consorcio outras administracións públicas (ex apartado cuarto in fine de la Disposición Adicional 20ª da Ley 30/1992, de 26 de novembro, introducida pola Disposición Final 2ª da LRSAL, hoxe artigo 122.4 da Lei 40/2015, de 1 de outubro. Hai que ter en conta que a Administración de adscripción pode chegar a ser o Concello de Samos como calquera dos seus membros e polo tanto a súa situación de desequilibrio ao que parece doado chegar tendo en conta o obxecto do consorcio e a falla de estudo económico financeiro, podería incidir na situación de equilibrio ou desequilibrio do propio Concello de Samos.*



5.- *Concretamente respecto do consorcio administrativo pasamos dunha regulación estatal básica na que as entidades locais e outras Administracións públicas eran libres para decidir que a cooperación económica, técnica e administrativa se canalizase a través da constitución dun consorcio, no seu caso con entidades privadas sin ánimo de lucro que persigan fins de interese público concurrentes cos das Administracións públicas (o que sin duda parecen considerar os promotores da creación do consorcio proposto), á reforma que introduce a 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, segundo a cal a constitución dun consorcio para canalizar a cooperación local só terá lugar cando permita **unha asignación máis eficiente dos recursos económicos en termos de eficiencia económica e, ademáis, unha vez que se verifique que a constitución do consorcio non porá en risco a «sostenibilidade financeira do conxunto da Facenda da Entidade local de que se trate, así como do propio consorcio, que non poderá demandar máis recursos dos inicialmente previstos».***

Se trata de asegurar que as entidades locais, non adiquen o dobre de recursos a xestionar algo que en común pode aforrar custes e cuxa xestión ademáis poida resultar non só máis eficiente senón máis eficaz.

6.- *Por último a reforma, ademáis de engadir eses novos requisitos para **a constitución dun consorcio** anteriormente citados e relativos ao cumprimento da lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e de mellora da eficiencia da xestión pública, esixe que coa súa creación se **eliminen duplicidades administrativas**. **O artigo 57.2 da LBRL dispón que a suscripción de convenios e constitución de consorcios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.***

Se bien é certo que a eficiencia administrativa é un concepto xurídico indeterminado (límite cuxo cumprimento poderá ser controlado pola xurisdicción contencioso-administrativa), non podemos dicir o mesmo respecto do obxectivo de eliminar ou evitar duplicidades administrativas.

*Como xa adiantamos a Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local fai pivotar o cumprimento dos seus obxectivos de racionalización da estrutura organizativa da Administración local na **potenciación das competencias das Deputacións provinciais** ás que atribúe, para a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e no seu caso supracomarcal, e o fomento, ou no seu caso a coordinación, da prestación unificada de servizos dos municipios do seu respectivo ámbito territorial. Novamente a constitución do consorcio proposto, incumpre de xeito flagrante, este límite ou máis axeitadamente non é que a súa creación non elimine duplicidades senón que por riba, **crea tales duplicidades** pois en relación á unha xestión supramunicipal dos xeodestinos da provincia de Lugo se teñen posto en marcha iniciativas concretas e dotadas orzamentariamente pola Deputación Provincial de Lugo.*

*En febreiro de 2017, e como consecuencia do informe sobre o turismo na provincia de Lugo elaborado e presentado polo Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (asociación transfronteriza que integra as 34 principais cidades de Galicia e o Norte de Portugal, e que se configura como un organismo sen ánimo de lucro que se adica a apoiar todas aquelas iniciativas que fomenten a cooperación transfronteriza), a **Deputación Provincial de Lugo anunciou a creación dun Consello Provincial de Turismo para establecer unha estratexia conxunta de impulso do sector turístico e que se encargará de xestionar e coordinar as actuacións turísticas nos***



*Concellos lucenses. Nestas mesmas datas se informaba que o goberno da Deputación estaba a traballar na elaboración do primeiro **Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo**.*

As políticas orientadas ao desenvolvemento do potencial turístico que aspiren a ser eficaces, trascenden o ámbito meramente local para situarse no ámbito dunha estratexia turística provincial e requiren o desenvolvemento de actuacións sobre o territorio. Segundo o informe do Eixo Atlántico non se poderá impulsar o desenvolvemento turístico da provincia de Lugo se non se resolven antes as deficiencias nas comunicacións, tanto nas conexións viarias como nas infraestruturas tecnolóxicas sen esquecer a implicación dos axentes turísticos do sector privado. Este informe tamén prantexa cales poderían ser os ámbitos de actuación propoñendo aumentar a investigación, a innovación e a formación (especialmente pensando no mercado internacional), búsqueda de elementos innovadores, aumentar a presenza de Lugo en Internet, redes sociais e blogs, ademais de recordar que os novos hábitos de consumo pasan pola contratación de servizos turísticos a través de Internet, mellora da sinalización, configuración de ofertas complementarias, tematizar os xeodestinos, entre outros.

*Neste contexto o 12 de xullo de 2017 se presenta o **Plan Estratéxico de Turismo de Lugo 2017-2020**, que impulsa a **Deputación provincial lucense**, baixo o eslogan **Lugo cambia**. O proxecto baséase **precisamente nos cinco “xeodestinos”**: **Lugo-Terra Cha** para impulsar o “turismo da auga, o patrimonio arqueolóxico, o ecoturismo e o turismo agroalimentario”, **a capital lucense** pola romanización, os grandes eventos, o termalismo y o turismo accesible”, **A Ribeira Sacra** por “o ecoturismo, o patrimonio románico, o turismo xeolóxico e o turismo fluvial”, **a Mariña** con “o turismo litoral, o turismo agroalimentario e mariñeiro e os grandes eventos”, e finalmente **Ancares-Courel** polo “turismo científico, etnográfico e ecoturismo”. Para a posta en marcha das primeiras actuacións enmarcadas neste plan que se levarán a cabo nesta primeira anualidade o presidente da Deputación anunciou o compromiso de 400.000 euros no orzamento provincial.*

A constitución do consorcio proxectado crearía unha duplicidade administrativa coa Deputación Provincial de Lugo incumprindo un requisito básico para a súa creación ao ser contrario ao artigo 57.3 da Lei reguladora de bases de réxime local.

Parece que actualmente esta duplicidade non existiría por existir un posible acordo entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, pero formalmente aínda non se téñen coñecemento desta circunstancia.

B.- *Como indicamos máis arriba, a outra disposición que limita a creación de consorcios é a Lei 40/2015, de 1 de outubro (aos que adica os art. 118 a 127) cuxa exposición de motivos sinala que establece con carácter básico o réxime xurídico dos consorcios, ao tratarse dun réxime que, por definición, afectará a tódalas Administracións Públicas, seguindo a liña das modificacións efectuadas pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa. (...) Avázanse no rigor orzamentario dos consorcios que estarán suxeitos ao réxime de presupuestación, contabilidade e control da Administración Pública á que estén adscritos e polo tanto se integrarán ou, no seu caso, acompañarán aos orzamentos da Administración de adscripción (...).*

Este primeiro aspecto é clave pois a consideración, de ser o caso, do Concello de Samos puidera ser o municipio de adscripción podería conlevar unha situación de desequilibrio coa obriga de voltar á senda do equilibrio mediante a adopción de medidas tendentes á redución de gastos e incremento de ingresos a través da elaboración e aprobación dun Plan de Equilibrio Financieiro. Lóxicamente a concreción desta aseveración queda pendente do análise dun estudo dende o punto de vista financeiro, do correspondente estudo económico, pero tendo



en conta que nos estatutos se sinalan unhas aportacións iniciais duns Concellos que non poderán integrarse no consorcio proxectado, tales aportacións terán por importe moi superior.

Aínda que o obxectivo deste informe consiste en valorar a conformidade a dereito da proposta de creación e subscripción a un consorcio de turismo por parte do Concello de Samos e tendo en conta que se trata dun primeiro borrador, non se entra nun análise polo miúdo do contido dos estatutos presentados que deberán voltar á aprobación do Pleno de ser o caso, aínda que deles xa se pode indicar a non adecuación á normativa vixente en materia de persoal, de forma de xestión dos servizos, etc.

*O acordo de promover a creación dun Consorcio, aprobación de estatutos e designación de representantes debe adoptarse por **maioría absoluta legal** ex. art. 150.2 da Lei de Administración Local de Galicia resultando que conforme ao artigo 54.1 b) do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de rexime local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, será necesario o informe previo do Secretario, para a adopción de tal acordo. Precisaríase ditamen previo da Comisión Especial de Contas que actúa como Comisión Informativa Permanente para os asuntos de Economía e facenda, se ben, o art. 126.2 do ROF, en supostos de urxencia permite que o Pleno adopte acordos sobre asuntos non ditaminados por ésta, dando conta do acordo adoptado na citada Comisión Informativa na primeira sesión que celebre.*

4. CONCLUSIÓNS:

Por todo o anterior se informa desfavorablemente a proposta de acordo por incumplir o artigo 57 da LRBRL nos termos sinalados no corpo deste informe.

E este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en dereito non obstante o pleno co seu superior criterio decidirá o que estime máis oportuno.

En Samos, a 9 de xaneiro de 2018.

A secretaria-interventora, Asdo: Ana I. Candame Areosa. “

Despois dun breve debate, o Pleno Corporativo, órgano competente ao abeiro do art. 150.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes (seis votos a favor, sendo nove o número legal de membros), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, **ACORDA** non integrar por agora ao Concello de Samos no futuro Consorcio de Turismo Ancares-Courel, nin iniciar por agora os trámites para elo, fundamentado no informe desfavorable de Secretaría-Intervención antes transcrito, sen prexuízo de que nun futuro se poida volver a estudar a posible integración no mesmo de modificarse os supostos de feito.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e dez minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente,

A secretaria,